

CONVOCATORIA DA PROBA LIBRE PARA A OBTENCIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL OFIMÁTICA **(CODIX)**

O Servizo de Orientación Laboral informa que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) publicará no DOG do día 14 de outubro a convocatoria das probas libres de avaliación para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX)

Esta certificación acredita 190 h de ofimática que se corresponden coas aplicacións informáticas que compoñen o MF0233_2 «Ofimática» baixo o paquete de LibreOffice.

Para acceder a estas probas os únicos requisitos necesarios son ser maior de 16 anos, estar dado de alta como usuarios da rede CeMIT e abonar a taxa correspondente aos dereitos de exame -ou xustificar a súa exención.

Solicitudes e prazo:

A inscrición poderá realizarse por internet a través dunha nova publicada na web da Rede Cemit (<https://cemit.xunta.gal>) a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no DOG, é dicir, **dende o xoves 15 de outubro ata o mércores 21 de outubro inclusive**.

As persoas admitidas provisionalmente (realizarase o sorteo público de extracción das letras dos apelidos para a establecer a prelación por orde alfabética)) deberán aboar no prazo de cinco días hábiles dende a data da publicación na web da relación provisional a **taxa de 10,63 euros** correspondente aos dereitos de exame.

Serán excluídas aquelas persoas que non aboan a taxa ou non xustifiquen a exención da mesma (demandantes de emprego antes da publicación da convocatoria ou persoas con discapacidade > ou = 33%)

MÁIS INFORMACIÓN: <https://cemit.xunta.gal/inicio> ou contactar coa orientadora laboral:

Casa do Concello

Horario: de 08:00 a 15:00 h (mércores, xoves e venres)

Teléfono: 981 85 00 03

e-mail: orientacion.laboral@outes.gal



**XUNTA
DE GALICIA**

ORIENTACIÓN LABORAL

